



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

SECRETARÍA XERAL
SECCIÓN: INFORMACIÓN E ACTAS

**RESOLUCIÓN POLA QUE SE MODIFICA A RESOLUCIÓN 25507 CON DATA 17/08/2017
POLA QUE SE ELABORA A RELACIÓN DOS FUNCIONARIOS HABILITADOS PARA A
EXPEDICIÓN DE COPIAS AUTÉNTICAS DE DOCUMENTOS PÚBLICOS
ADMINISTRATIVOS OU PRIVADOS E PARA A ASISTENCIA NO USO DE MEDIOS
ELECTRÓNICOS NO REXISTRO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O
PROCEDIMENTO A SEGUIR NA ASISTENCIA**

Don **Valentín González Formoso**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

1º. Tendo en conta que a Deputación Provincial da Coruña elaborou mediante a Resolución 25507 de 17/08/2017 a relación dos funcionarios habilitados para a expedición de copias auténticas de documentos públicos administrativos ou privados e para asistencia no uso de medios electrónicos na Oficina de asistencia en materia de Rexistro da Deputación provincial da Coruña así como o procedemento a seguir na asistencia.

2º. Visto o artigo 12.3 da lei 39/2015 no que se establece que as entidades locais manterán actualizado un rexistro, ou outro sistema equivalente, onde constarán os funcionarios habilitados para a identificación ou firma regulada no artigo 12. Neste rexistro ou sistema equivalente, polo menos, constarán os funcionarios que presten servizos nas oficinas de asistencia en materia de rexistros.

3º. Tendo en conta que a Orde PCM/1383/2021, de 9 de decembro, pola que se regula o Rexistro de Funcionarios Habilitados no ámbito da Administración Xeral do Estado, os seus organismos públicos e entidades de dereito público, sinala que poderán ser funcionarios habilitados tanto o persoal funcionario de carreira como interino (art. 8.2)

RESOLVO:

Modificar á relación contida na Resolución de Presidencia nº 25507 de data 17/08/2017 pola que se aproba a elaboración da relación dos funcionarios habilitados no seguinte sentido:

- Engádese a:

APELIDOS, NOME	NIF
CARRODEGUAS FILGUEIRAS, MARÍA BEATRIZ	***6852**



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

- Elimínase a:

APellidos, NOME	NIF
PAZ RUIDO, BEGOÑA	***6304**

Polo tanto, o texto da resolución modificada queda como segue a continuación:

1º. Vista a Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas que ten por obxecto regular o procedemento administrativo común a todas as administracións públicas, incluíndo o sancionador e o de reclamación de responsabilidade das administracións públicas, os requisitos de validez e eficacia dos actos administrativos, así como os principios aos que ha de axustarse o exercicio da iniciativa legislativa e a potestade regulamentaria.

2º. Vista a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector Público, que establece e regula as bases do réxime xurídico das administracións públicas, os principios do sistema de responsabilidade das administracións públicas e da potestade sancionadora, así como a organización e funcionamento da administración xeral do Estado e do seu sector público institucional para o desenvolvemento das súas actividades.

3º. Visto o artigo 3.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, que establece expresamente que as administracións públicas relacionaranse entre si e cos seus órganos, organismos públicos e entidades vinculados ou dependentes, a través de medios electrónicos.

4º. Visto o art. 16 e a Disposición transitoria segunda da Lei 39/2015 que establece a transformación das oficinas de rexistro en oficinas de asistencia en materia de rexistros.

5º. Visto que neste proceso de integración, que se ha desenvolver ata 2018, a Disposición transitoria segunda establece que durante o primeira ano (2 out. 2016-1 out. 2017) poderanse manter os rexistros existentes e durante o segundo ano (2 out. 2017-1 out. 2018) dispoñeranse, como máximo, dun rexistro por Ministerio ou organismo público.

6º. Visto que, a partir do 2 de outubro de 2017, todas as oficinas de rexistro se transforman, de conformidade coa lei, en oficinas de asistencia en materia de rexistro adquirindo un protagonismo esencial no procedemento administrativo, polo que deberá dixitalizar a documentación que se presenta por Rexistro, conforme establece o artigo 16 da Lei 39/2015.

7º. Visto o art. 27.1 da Lei 39/2015 no que establece que as Entidades locais poderán realizar copias auténticas mediante funcionario habilitado ou mediante actuación administrativa automatizada e que deberán manter actualizado un rexistro, u outro sistema equivalente, onde constarán os funcionarios habilitados para a expedición de copias auténticas, polo menos, os funcionarios que presten servizos nas oficinas de asistencia en materia de rexistros.

8º. Visto o art. 12 da Lei 39/2015 no que se establece que nestas novas oficinas, as persoas serán asistidas por un funcionario para realizar os seus trámites por vía electrónica.



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

9º. Visto o artigo 12.2 da lei 39/2015 no que se establece que as administracións públicas asistirán no uso de medios electrónicos aos interesados non incluídos nos apartados 2 e 3 do artigo 14 da citada lei que así o soliciten, especialmente no referente a identificación e firma electrónica, presentación de solicitudes a través do rexistro electrónico xeral e obtención de copias auténticas. Este artigo tamén establece que, se algún destes interesados non dispón dos medios electrónicos necesarios, a súa identificación ou firma electrónica no procedemento administrativo poderá ser válidamente realizada por un funcionario público mediante o uso do sistema de firma electrónica do que esté dotado para elo. Neste caso, será necesario que o interesado que careza dos medios electrónicos necesarios se identifique ante o funcionario e preste o seu consentimento expreso para esta actuación, do que deberá constancia para os casos de discrepancia ou litixio.

10º. Visto o artigo 12.3 da lei 39/2015 no que se establece que as entidades locais manterán actualizado un rexistro, ou outro sistema equivalente, onde constarán os funcionarios habilitados para a identificación ou firma regulada no artigo 12. Neste rexistro ou sistema equivalente, polo menos, constarán os funcionarios que presten servizos nas oficinas de asistencia en materia de rexistros.

11º. Tendo en conta que a Orde PCM/1383/2021, de 9 de decembro, pola que se regula o Rexistro de Funcionarios Habilitados no ámbito da Administración Xeral do Estado, os seus organismos públicos e entidades de dereito público, sinala que poderán ser funcionarios habilitados tanto o persoal funcionario de carreira como interino (art. 8.2)

RESOLVO:

1º. Elaborar unha relación dos funcionarios habilitados para a expedición de copias auténticas dos documentos públicos administrativos ou privados.

2º. Elaborar unha relación dos funcionarios habilitados para prestar servizos de asistencia no uso de medios electrónicos aos interesados na oficina de rexistro da Deputación Provincial de A Coruña.

3º. Aprobar a seguinte relación dos funcionarios habilitados nas funcións citadas nos apartados 1 e 2:

APELIDOS, NOME	NIF
BARUS GOMEZ, MARIA LUISA	***5615**
COUTO PALLA, MARÍA CRISTINA	***8048**
GIMENO PEON, MARIA ELISA	***9695**
PEDREIRA SANCHEZ, JUAN CARLOS	***7376**
SANJUAN MARTÍNEZ, VICTORIA	***2320**



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

SANTOS IGLESIAS, JOSE JUAN	***8833**
SÁNCHEZ OUSINDE, LETICIA	***0949**
VALLADARES LÓPEZ, MARÍA JOSÉ	***7015**
VÁZQUEZ RÍOS, MARÍA DE LA LUZ	***8553**
CARRODEGUAS FILGUEIRAS, MARÍA BEATRIZ	***6852**

4º. Acordar un procedemento da asistencia dos funcionarios habilitados da oficina de rexistro da Deputación Provincial da Coruña aos interesados que non dispoñan dos medios electrónicos necesarios. O procedemento de asistencia inclúe:

4.1. O recoñecemento de que a asistencia poderá ser válidamente realizada por un funcionario público mediante o uso do sistema de firma electrónica do que está dotado para elo.

4.2. O interesado que careza dos medios electrónicos necesarios deberá identificarse e facer entrega dunha copia do documento nacional de identidade (NIF/NIE) ou pasaporte ante o funcionario habilitado que preste a asistencia e prestar o seu consentimento expreso para esta actuación, do que deberá quedar constancia para os casos de discrepancia ou litixio.

4.3. A oficina de asistencia en materia de rexistro da Deputación Provincial da Coruña disporá dun formulario –a elixir: versión galego e versión castelán- no que o interesado manifestará o seu consentimento expreso da actuación do funcionario habilitado.

4.4. O formulario conterá, polo menos, os seguintes datos: -
Data e lugar

- Datos do funcionario habilitado: nome e apelidos
- Datos do interesado: nome e apelidos do interesado, número do NIF/NIE/pasaporte, datos de contacto, consentimento manifesto da actuación e sinatura.

4.5. O formulario asinado polo interesado e a copia do documento utilizado para a súa identificación formarán parte da documentación presentada polo interesado e será incluído no expediente do interesado.

4.6. O interesado poderá obter copia do formulario asinado.